

CICLO SEN + NUMERAR OUTONO 2023

FORUM
METROPOLITANO

SEN NUMERAR é un ciclo de artes escénicas para público xuvenil e adulto, de espectáculos de pequeno e mediano formato próximos ao público. Coa colaboración do AGADIC.

Este outono presentamos unha variada oferta de 4 espectáculos de artes escénicas doutras tantas compañías galegas, de xéneros diversos -do drama á comedia-, de contidos actuais, históricos e de memoria democrática, de estéticas diferentes, con novas linguaxes audiovisuais e danza contemporánea.

Esta programación complétase cunha oferta educativa da obra Os nenos de varíola, dirixida ao público escolar de educación secundaria, en horario lectivo.

LUGAR

Fórum Metropolitano.

HORARIO

ás 21.00 h.

ENTRADA

9,00 €; descontos (carné Xove, maiores de 65 e persoas desempregadas): 7,00 €.

VENDA DE BILLETES

• www.ataquilla.com

• Despacho de billetes da praza de Ourense (agás festivos): de luns a venres de 11.00 h a 15.00 h e de 16.30 h a 19.30 h.

• Despacho de billetes do Fórum: desde unha hora antes do comezo do espectáculo (sempre que queden entradas dispoñibles).

PAGAMENTOS

No despacho de billetes da praza de Ourense, do Fórum e na televenda con tarxeta de débito ou de crédito, agás American Express.

CICLO SEN + NUMERAR OUTONO 2023

FORUM
METROPOLITANO

ACCESO

Cousas que debes saber antes de virnos ver:

• **Pídese puntualidade. Non se permitirá acceder á sala unha vez que empece a función.**

• **Todas as persoas que accedan ao auditorio do Fórum deben facelo con entrada.**

• **Non está permitido entrar á sala con comida nin bebida.**

• **Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función.**

E DESPOIS DO ESPECTÁCULO

Se che gustou, compárteo nas redes sociais ou deixándonos un comentario no noso correo forummetropolitano@coruna.gal



MÁIS INFORMACIÓN:
www.coruna.gal/cultura



Depósito legal: C 1537-2023

CICLO SEN + NUMERAR OUTONO 2023

FORUM
METROPOLITANO





Repartimento: Diego Freire, Salomé Garrido, Oscar Freire, Jorge Justo, Raquel Huete e Sandra Pérez
Autoría: Diego Freire
Dirección: Beatriz Bravo
Escenografía: Daniel D. Calet
Deseño de son e iluminación: Diego Freire
Vestuario: A Túa Modista
Música: Salomé Garrido
Coreografía: María Ángeles Iglesias
Coa colaboración de CDG, Xacobeo 2021 e Xunta de Galicia

MENTRES DURE A CANCIÓN

de Producións Dispersas

Venres 6 de outubro de 2023, ás 21.00 h




Teatro, comedia | 55 minutos | Idioma: galego

En Producións Dispersas cremos que a risa é a mellor das armas posible para botar abaixo calquera muro. Nós conformámonos con derrubar a cuarta parede. Este é un espectáculo doméstico pero universal. Un musical ambicioso pero próximo.

Diego Freire pensa que debemos cantar e bailar para ser un pouquiño máis felices... Polo menos “mentres dure a canción”.

Os días pasan, uns tras outros, e nada pasa. Nese transcorrer pode darche por pensar na vida. Hai que ter coidado con iso! Pensar pode ser un acto revolucionario... O mundo non está para bromas. Os días van pasando no fogar do noso protagonista... Un actor que ás veces escribe cousas con moitos signos de exclamación e puntos suspensivos...



Intérprete: Iria Pinheiro
Autoría: Iria Pinheiro
Dirección: Vanesa Sotelo
Escenografía: Compañía Eléctrica
Deseño de son e música: Mónica De Nut
Deseño de iluminación: Xacobo Castro Torres
Vestuario: Gasa Damasco

MISS ESPANHA

de Iria Piñeiro

Venres 13 de outubro de 2023, ás 21.00 h



Espectáculo de teatro contemporáneo, de memoria histórica
65 minutos | Idioma: galego

O novo proxecto teatral de Iria Pinheiro ten como protagonista a Emilia Docet, a muller que foi coñecida por ser a “Miss España galeguista”.

A interpretación da actriz guía esta peza de teatro documental no que a biografía de Emilia se entretece coa doutras mulleres tamén silenciadas despois de 1936. Como un desfile de voces, ecos e silencios, “*Miss Espanha*” recupera desde a escena a potencia dunha xeración de galegas que viu truncada a súa historia e contribúe á loita para evitar que os seus nomes e os seus pasos desaparezan da nosa memoria.



Intérprete: Diego Anido
Autor, dirección, escenografía, música e coreografía: Diego Anido
Deseño de son: Diego Anido e Borja Fernández
Deseño de iluminación: Pedro Fresneda
Vestuario: Uxía P. Vaello

O DEUS DO POP

de Diego Anido

Venres 17 de novembro de 2023, ás 21.00 h



Teatro contemporáneo. Comedia | 80 minutos | Idioma: galego

Diego Anido amósanos unha autobiografía inventada. Regálanos unha vida que ás veces semella a súa, pero que non o avergoña coma a súa. Sen medo a queimar a súa memoria. Só para que o adoremos. Como a un “deus do pop”.

O deus do pop é unha impresión. Como a que levamos cando coñecemos unha persoa. Que sabemos dela? Que sabemos dela que ela mesma non sabe? Ela ten outra impresión de si mesma. Un relato formado por fragmentos escollidos do seu pasado. Precisa crear o relato. E non dubida en cambiar o pasado para superar no presente a vergoña do que non lle gusta de si mesma. Non ten consciencia de que en realidade é un diamante. Un diamante afundido nos Pantanos da Tristura. Brillando e laiándose. Pensando que a súa propia preguiza lle impide saír. Pero non é preguiza. É o relato.



Repartimento: Victoria Pérez, Isabel Risco, Manu Fernández e Xose Leis
Dirección: Xose Leis e Victoria Pérez
Autoría: María Solar
Adaptación: Pérez&Fernández
Escenografía: Montse Piñeiro
Jose Manuel Faro (Coti)
Deseño de son: Manu Fernández
Deseño de iluminación: Montse Piñeiro e Jose Manuel Faro (Coti)
Vestuario: Mar Fraga
Música: Xabier Romero

OS NENOS DA VARÍOLA

de Pérez&Fernández

Venres 24 de novembro de 2023, ás 21.00 h



Teatro contemporáneo e histórico | 65 minutos | Idioma: galego
Especialmente recomendada para público xuvenil

220 anos despois da saída da Real Expedición Filantrópica da Vacina dende o porto da Coruña, o 30 de novembro de 1803, traemos de novo ao auditorio do Fórum Metropolitano a adaptación á escena da novela de María Solar “*Os nenos da varíola*”, dedicada aos 22 nenos que en 1803 foron os heroes da dita expedición.

Unha proposta escénica con altas doses de realidade histórica, tenrura e humor que toma como eixe central a vida dos nenos da Casa de Expósitos da Coruña, os verdadeiros protagonistas da “Real Expedición Filantrópica da Vacina” e como chegaron a ser os heroes da dita expedición e na que a súa heroína máis esquecida se converteu nun dos piares máis importantes desta fazaña sanitaria, a reitora da Casa dos Expósitos, Isabel Zendal.

Vinte e dous nenos procedentes de orfanatos de Madrid, Santiago e A Coruña conforman unha cadea humana “brazo a brazo” para facer chegar a vacina contra a varíola aos territorios españois de ultramar, nunha das maiores xestas médicas levadas a cabo na historia da humanidade.

